



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



TR349r -Programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas de longa duración

Obxecto

Axudas para a contratación indefinida inicial, para a contratación temporal cunha duración inicial de 12 meses e para a formación.

Características da axuda

Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

a) **Bono de contratación.** Subvención á contratación indefinida inicial, á contratación temporal cunha duración inicial mínima de 12 meses para persoas desempregadas de longa duración

Contía da axuda: 10.000€ por contrato indefinido e 5.000€ por temporal de 12 meses. Estas contías poden incrementarse un 25% por cada unha destas circunstancias: empresa situada en concello rural, emigrante retornado, maior de 45 anos, persoa trans, empresa de 50 traballadores cun mínimo de 70% de taxa de estabilidade, actividade prioritaria segundo orde de convocatoria.

b) **Bono de formación** (opcional), dirixido ás empregas para a formación das persoas traballadoras subvencionadas por medio desta orde para levar a cabo accións formativas.

Contía da axuda: para contrato indefinido ata 4000€, para contrato de 12 meses ata 2000€.

Persoas beneficiarias

As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, que contraten persoas desempregadas de longa duración por conta allea, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde. Tamén pode ser beneficiario a persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven con ela como se non ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo (consultar exclusións na orde)

Prazo

Prazo xeral: 2 meses desde a contratación co límite do 30 de setembro

Para as contratacións subvencionables realizadas entre o 1/10/2019 e a data da publicación desta orde deberán presentarse no prazo de 2 meses contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde

Orde: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200107/AnuncioG0424-031219-0005_gl.html

DOGA: 7 de xaneiro de 2020